

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Asociación de Inmigrantes e Retornados Rioplatenses para o desenvolvemento de accións de información, asesoramento e sensibilización dirixidas a persoas emigrantes retornadas, 2026

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponde, entre outras, a promoción de medidas que favorezan o retorno a Galicia dos galegos residentes no exterior e faciliten a súa integración na sociedade galega, tal e como se recolle no artigo 1.d) do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

A súa vez, o artigo 49 do antedito decreto determina que a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden as competencias en materia de emigración e retorno e, entre outras, as relacións e o apoio ás persoas e ás comunidades galegas no exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento, as competencias recollidas na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude, e as atribuídas á comunidade autónoma na Lei 40/2006, do 14 de decembro, do estatuto da cidadanía española no exterior, en particular, as que melloren o benestar social e a calidade de vida da cidadanía galega no exterior.

A Estratexia Galicia Retorna aprobada polo Consello da Xunta de Galicia, inclúe medidas para facilitar o dereito a regresar a Galicia das persoas emigrantes galegas e mais da súa descendencia, e recolle como un dos obxectivos promover a integración laboral por conta allea das persoas galegas retornadas e intensificar o apoio ao emprendemento e ao autoemprego das persoas galegas retornadas, en especial no rural galego.

A Asociación de Inmigrantes e Retornados Rioplatenses fundouse no ano 2007 co obxecto de manter a vixencia multicultural e a historia que une desde sempre aos pobos de Arxentina e Uruguai co pobo galego. Ten a súa sede social en Lugo, e é unha asociación sen ánimo de lucro que desenvolve accións destinadas a promover a inclusión social dos emigrantes retornados, procurar a súa formación profesional e traballar no asesoramento socio-laboral do colectivo retornado.

A asociación está comprometida co estudo e rescate das tradicións culturais existentes e traballa pola consecución dun ambiente de intercambio cultural enriquecedor para todos e todas co desenvolvemento de distintos programas e actividades de tipo cultural. Tamén é de salientar o seu labor na defensa dos dereitos



e na consecución dunha efectiva integración de determinados colectivos na nosa comunidade, polo que prestan un servizo de asistencia socio-laboral e xurídica dirixido tamén aos emigrantes retornados levado a cabo por un equipo multidisciplinar para dar cobertura ás súas necesidades e demandas no proceso de retorno.

Así, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ten previsto formalizar coa Asociación de Inmigrantes e Retornados Rioplantenses un convenio que ten por obxecto establecer o marco da colaboración e de actuación coordinada entre as entidades asinantes para desenvolver accións de información, asesoramento e sensibilización dirixidas a persoas galegas retornadas á comunidade autónoma galega.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non é posible promover a concorrência pública.

O interese público de colaboración no desenvolvemento da presente actuación radica na pretensión de ofrecerlles ás persoas emigrantes retornadas á comunidade autónoma a maior cobertura posible no seu proceso de retorno e adaptación á sociedade galega.

Neste convenio permítese a xustificación do pagamento mediante recibín do proveedor para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros, consonte ao disposto no artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Isto obedece a que esta entidade ten que realizar certos gastos, como por exemplo, correos, material de oficina, desprazamentos, etc, que en atención ao seu pequeno importe resulta moi custoso para a entidade (non so polas comisións que aplican as entidades bancarias, senón tamén polos custos de tempo que requiren) realizar o seu pagamento mediante transferencia bancaria.

Para dar cumprimento ao obxecto deste convenio, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración achegará unha contía de 10.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 14.05.312C.481.0 (código proxecto 2015 00038) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026 na que existe crédito adecuado e suficiente.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014; ou doutro instrumento alleo á



natureza estritamente convencional.

Con atención no exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN
Praza de Mazarelos, 15
15703 Santiago de Compostela
T. +34 981 957 158
emigracion@xunta.gal
galiciaaberta.com

